

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais

Por acordo da Mesa do Parlamento de 1 de agosto de 2017 aprobouse o prego de cláusulas administrativas da contratación para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais do Parlamento de Galicia.

Segundo o informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior, unha vez publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 161, do 11 de agosto de 2017, comprobouse a existencia dun erro na redacción do apartado 15 do cadro de especificacións respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ao atribuírle ao valor técnico da oferta de 0 a 27 puntos, cando en realidade deben ser de 0 a 20 puntos, como de feito se deduce dos subcriterios e da puntuación total dos criterios de adxudicación.

Polo tanto, propónse á Mesa do Parlamento corrixir o apartado 15 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, nos seguintes termos:

En consecuencia, ao abeiro do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, a Mesa do Parlamento adoptou, na súa reunión do 11 de setembro de 2017, o seguinte Acordo:

1º. Corrixir o apartado 15 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, nos seguintes termos:

Na páxina 42982, no apartado 15 do cadro de especificacións,

- Onde di:

«II.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 20 puntos. Valor técnico da oferta:

a) Valor técnico da oferta: de 0 a 27 puntos: Valoraranse os seguintes aspectos:»

- Debe dicir:

«II.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 20 puntos. Valor técnico da oferta:

Valor técnico da oferta: de 0 a 20 puntos: Valoraranse os seguintes aspectos:»

2º. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Publicar esta corrección de erros no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º